

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2020

ORGANIZA: CONCELLO DE TEO (MOCIDADE)

LUGAR: SANTA CRUZ (OLEIROS)

COTA DE INSCRIPCIÓN: 90 euros. Consultar exencións e bonificacións no BOP nº. 195, do 13/10/2011.

DOCUMENTACIÓN: ficha de inscrición e unha foto actual de carné.

RESERVA DE PRAZA: no Rexistro Xeral do Concello (preferiblemente por Sede Electrónica), do venres 12 de xuño ao xoves 25 de xuño ou en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que as solicitudes se envíen por correo postal, deberá xustificarse co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e debe anunciarse ao Concello a remisión da solicitude por correo electrónico (deportes@teo.gal) no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude de presentación.

Listaxe de solicitudes: estará exposta no taboleiro do Rexistro Xeral do Concello e na páxina www.teo.gal a partir do día 29 de xuño.

SORTEO: martes 30 de xuño ás 19.00 h na Casa do Concello, no caso de haber máis solicitudes ca prazas.

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS: estará exposta no taboleiro do Rexistro Xeral do Concello e na páxina www.teo.gal a partir do día 3 de xullo.

Toda aquela que desexe renunciar á súa praza deberá comunicalo por rexistro ou por correo electrónico en deportes@teo.gal

PAGAMENTO E REUNIÓN INFORMATIVA: debido ás circunstancias nas que nos atopamos, a data do pagamento e da reunión queda pendente da confirmación de poder realizar o campamento. Unha vez que o Concello asegure que se dan as condicións óptimas fixarase unha data.

A situación sanitaria derivada da COVID-19 require da reorganización dalgúns aspectos con respecto a convocatorias anteriores, das que xa se está a facer cargo a empresa responsable: redución da ratio (1 monitor/a por cada 9 rapaces/zas), aumento nas tarefas de limpeza e reformulación de espazos e actividades co fin de diminuír o risco de contaxio.

- INFORMACIÓN: 881 978 433 (Deportes)
- www.teo.gal

ORGANIZA:



CAMPAMENTO INFANTIL

DIRIXIDO A: persoas mozas nadas entre o 2008 e 2013 empadroadas no Concello de Teo.

NÚMERO DE PRAZAS: 76 + 5 para emerxencia social.

LUGAR: albergue de Santa Cruz – Oleiros.

DATAS: do 14 ao 22 de agosto.

CAMPAMENTO XUVENIL

DIRIXIDO A: persoas mozas nadas entre o 2003 e 2007 empadroadas no Concello de Teo.

NÚMERO DE PRAZAS: 58 + 5 para emerxencia social.

LUGAR: albergue de Santa Cruz – Oleiros.

DATAS: do 3 ao 11 de agosto.

- INFORMACIÓN: 881 978 433 (Deportes)
- www.teo.gal

ORGANIZA:

